

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, pon en marcha a iniciativa **“SIMMA ” :paquete de medidas para abordar e tratar de xeito integral o Síndrome da Muller Maltratada**, proxecto subvencionado pola Secretaría Xeral de Igualdade no marco de axudas para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

O proxecto “SIMMA ” basease nas seguintes premisas:

a) Non todas as mulleres maltratadas son conscientes da súa situación. Ás veces necesitan axuda para reflexionar sobre as súas vivencias e ser conscientes da súa problemática.

b) É moi importante facilitar o acceso das mulleres a toda a información relevante para apoiar a ruptura co agresor e previr futuras situacións.

c) A muller maltratada padece un conxunto de lesións físicas e psíquicas resultantes das agresións repetidas levadas a cabo polo agresor que persisten aínda cando os malos tratos desaparecen. Estas consecuencias do maltrato deben ser tratadas a través dunha intervención integral.

Estas medidas son beneficiosas para paliar o síndrome da muller maltratada pero tamén son positivas para o proxecto vital de calquera muller, aínda que non sufra ou sufrira violencia de xénero.

As principais liñas de traballo son: promover a autonomía, paliar o síndrome da muller maltratada, formar e informar sobre aspectos relacionados coa saúde e reforzar habilidades e competencias sociais facilitar un espazo de encontro e autoaxuda que facilite a restauración dos proxectos vitais xunto cun achegamento aos servizos e recursos do concello contra o maltrato.

Esta iniciativa concrétase na realización de 15 obradoiros teórico/prácticos dirixidos a 15 mulleres, preferentemente vítimas de violencia de xénero.

Cada obradoiro será impartido por expertas na materia e na primeira sesión contaremos ademais coa colaboración de dúas mulleres que sufriron a situación de maltrato e compartirán a súa experiencia vital co resto do grupo.

Os obradoiros son totalmente **gratuítos** e porase a disposición das participantes que o necesiten un **servizo de coidadoras infantís** para a atención dos fillos e fillas menores de 12 anos.

Inscricións e información:

As inscricións poderanse realizar telefónica ou presencialmente ante a Concellería de Igualdade. Concello de Vigo. Teléfono 986 810 284 en horario de 8,00 a 15,00 h, indicando se necesitará o servizo de atención domiciliaria á infancia.

O prazo de inscrición remata o luns 9 de novembro.

As interesadas poderán participar en todo ou en parte do programa atendendo aos seus intereses e dispoñibilidade.

A Concellería de Igualdade seleccionará ás participantes atendendo aos seguintes criterios: orde de chegada da solicitude, ter condición de vítima de violencia de xénero, mulleres derivadas dos servizos de atención e acollida a mulleres maltratadas, UTS, entidades que integran o plan local de drogas, así como doutras entidades de iniciativa social.

Para participar no programa non é requisito ter presentada denuncia contra o agresor. Máis información sobre contidos e docentes en www.igualdadevigo.org

Datas, horario e lugar de celebración

Os obradoiros realizaranse na Casa das Mulleres (rúa romil, 20) desde o mércores 11 ata o venres 20 de novembro en horario de 9,30 a 13,30 e de 16,00 a 20,00 h.

PROGRAMA:

1. Obradoiro :O SÍNDROME DA MULLER MALTRATADA

Data e Horario: Mércores 11 de novembro de 9'30 a 13'30 h.

2. Obradoiro TÉCNICAS DE AUTOESTIMA

Data e Horario: Mércores 11 de novembro de 16 '00 a 20'00 h.

3. Obradoiro PREVENCIÓN DE ADICCIÓN

Data e Horario: Xoves 12 de novembro de 9'30 a 13'30 h..

4. Obradoiro TÉCNICAS DE RELAXACIÓN

Data e Horario: Xoves 12 de novembro de 16 '00 a 20'00 h.

5. Obradoiro EDUCACIÓN AFECTIVA SEXUAL

Data e Horario: Venres 13 de novembro de 9'30 a 13'30 h.

6. Obradoiro TÉCNICAS PARA UNHA CORRECTA ALIMENTACIÓN

Data e Horario: Venres 13 de novembro de 16 '00 a 20'00 h.

7. Obradoiro PLANIFICACIÓN FAMILIAR

Data e Horario: Luns 16 de novembro de 9'30 a 13'30 h.

8. Obradoiro RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Data e Horario: Martes 17 de novembro de 9'30 a 13'30 h.

9. Obradoiro TÉCNICAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

Data e Horario: Martes 17 de novembro de 16 '00 a 20'00 h.

10. Obradoiro UTILIDADE DAS REDES SOCIAIS: internet, correo electrónico, messenger, foros, chat, facebook...

Data e Horario: Mércores 18 de novembro de de 9'30 a 13'30 h..

11. Obradoiro INTELIXENCIA EMOCIONAL

Data e Horario: Mércores 18 de novembro de 16 '00 a 20'00 h.

12. Obradoiro COMPETENCIAS PARA O EMPREGO

Data e Horario: Xoves 19 de novembro de 9'30 a 13'30 h.

13. Obradoiro XESTIÓN DO ESTRÉS

Data e Horario: Xoves 19 de novembro de 16 '00 a 20'00 h.

14. Obradoiro TAI-CHI:

Data e Horario: Venres 20 de novembro 9,30 a 11,30

15. Obradoiro SERVIZOS E RECURSOS DE ATENCIÓN A MULLERES MALTRATADAS

Data e Horario: Venres 20 de novembro de 11,30 a 13,30 h

CLAUSURA E PECHE